

*Resolución do 7 de febreiro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de filosofía (590001) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de patronaxe e confección (591217).*

Por unha Resolución do 18 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de filosofía (590001) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de patronaxe e confección (591217).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e realizada a valoración dos méritos na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade antes citada, de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional e facelas públicas no portal da Internet desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de filosofía (590001) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidades de patronaxe e confección (591217).

Segundo.- Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicados no apartado anterior.

Terceiro.- De acordo co disposto na base sexta da convocatoria acordada pola Resolución do 18 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas seleccionadas, non seleccionadas, a relación de persoas excluídas provisionais e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet. As



alegacións así formuladas deberán remitirse tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo [persoal.secundaria@edu.xunta.es](mailto:persoal.secundaria@edu.xunta.es).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

